

DETERMINACIÓN DE PIGMENTOS DE LOS ORTOSTATOS DE MONTE DOS MARXOS EN RODEIRO (PONTEVEDRA)

M^a del Rocio Muiños Barros, rociobarros@hotmail.com, 03/07/2015

Objetivos

Presentar esta técnica, Espectroscopía Raman, como unha técnica moi valiosa por non ser destructiva, por proporcionarnos información molecular inequívoca, xa que cada material ten o seu propio espectro característico, xunto a presenza dunha alta resolución espacial que xenera a posibilidade de analizar áreas moi pequenas, é a técnica analítica óptima para a identificación de pigmentos.

Realización dunha biblioteca espectral de calidade, de espectros patrón, de pigmentos que abarquen dende a Idade de Pedra ata hoxe. Aplicar a teoría recollida e a biblioteca feita a mostras reais, obtidas de monumentos megalíticos como o de Monte dos Marxos.



Metodoloxía

Recollida de información e mostras para a realización da biblioteca espectral.

Identificación de materiais na Espectroscopía Raman, a través da comparación do Espectro Raman con librerías espectrais de referencia.

Isto pode resultar complicado, posto que o sinal conténdiferentes perturbacións, como o ruído shot ou a fluorescencia, chegando a enmascarar o sinal útil.

Para solucionar este tipo de problemas é necesario seguir unha serie de pautas ou xogar cós distintos parámetros para solventalos (potencia, tempo exposición, etc).



Comparación de Bandas Ramana entre un Espectro de Hematites (632,8nm) sacado da librería espectral de Clark e un Espectro de pigmento Vermello (Mostra 200B, Dolmen de Montelirio)

Conclusiones

Có transcurso do tempo, a materia está suxeita a procesos de continua degradación, por iso un estudo detallado dos pigmentos é de gran importancia para coñecer a sensibilidade da capa pictórica á alteración, e a partir dos resultados, utilizar materiais quimicamente compatibles cos orixinais, evitando problemas de conservación a medio e longo prazo.

Tamén é realmente útil o uso desta técnica, para realizar unha correcta caracterización, datación e autenticación de obras, xa que pode facilitar unha correcta identificación de autenticidade, verificando a atribución artística ou mesmo identificando falsificacións xa que nos axuda a coñecer a paleta do autor.

